

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

10575 *Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.*

A comezos da actual crise financeira internacional, as entidades de crédito españolas gozaban dunha boa saúde financeira e unha practicamente nula exposición aos chamados activos tóxicos. Non obstante, o sistema bancario español non foi inmune a esta crise, na medida en que supuxo, desde os seus comezos, un drástico endurecemento do acceso ao financiamento de mercado e á liquidez, ao cal se foi unindo, a medida que a crise se prolongaba no tempo, unha deterioración de activos, especialmente daqueles relacionados coa exposición ao sector de promoción inmobiliaria.

A interacción destes dous elementos, endurecemento do acceso ao financiamento e deterioración de activos, produciu ao longo de 2008 unha restrición xeneralizada nas condicións de concesión de crédito, con especial incidencia nas pemes e nos fogares. Esta reacción das entidades ao cambio no contorno financeiro e nas perspectivas económicas foi probablemente un dos factores explicativos da profundidade da recesión na actividade real, que se acentuou, ademais, co agravamento da crise internacional en outubro de 2008. Nese momento a magnitude do potencial problema sistémico que esta dinámica xeraba, propiciou a adopción de medidas excepcionais por parte do Goberno, no marco da resposta coordinada da Unión Europea. A creación do Fondo de Adquisición de Activos Financeiros, o programa de avais ao financiamento das entidades de crédito e o aumento do importe máximo garantido polos fondos de garantía de depósitos coutaron os custos do agravamento da crise.

Case dous anos despois do inicio da crise internacional, a capacidade de resistencia do sector bancario español, tradicionalmente suxeito a unha regulación e supervisión baseadas nunha aplicación prudente e rigorosa dos estándares internacionais, foi notable, en particular en relación á dos países da nosa contorna. As entidades que se poderían considerar como máis determinantes para a saúde do sistema polo seu tamaño manteñen unha sólida posición que lles pode permitir, cun grao de certeza razoable, seguir afrontando a crise sen necesidade de apoio público. Este punto é esencial, porque sitúa o sector bancario español nunha posición moi favorable respecto aos das grandes economías avanzadas. Entre as entidades de tamaño mediano ou pequeno tamén se encontran entidades que manteñen unha sólida posición; non obstante, podería haber algunhas que puidesen chegar a ver comprometida a súa viabilidade nos próximos meses, debido á interacción da persistencia de problemas de liquidez e financiamento coa deterioración relativa dos seus activos, aumento notable dos cobramentos dubidosos e a diminución do seu negocio, consecuencia tanto da duración, intensidade e extensión da crise, como da forte caída da actividade económica provocada por ela.

En circunstancias normais, os fondos de garantía de depósitos de bancos, caixas de aforro e cooperativas de crédito, xunto ao Banco de España, teñen ao seu dispor ferramentas suficientes para afrontaren crises individuais dun determinado número de entidades. Estas ferramentas refírense ás recollidas no Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, sobre o Fondo de Garantía de Depósitos de Entidades de Crédito, en que se establece que os fondos de garantía de depósitos teñen por obxecto non só garantir os depósitos en diñeiro e en valores constituídos nas entidades de crédito, senón que tamén poden realizar actuacións encamiñadas a reforzar a solvencia e o funcionamento de entidades de crédito que se encontren nunha situación de dificultade.

No entanto, a situación actual non se pode cualificar de normal e, aínda que é previsible que as entidades susceptibles de entraren en dificultades non teñan, individualmente polo seu tamaño, carácter sistémico, a consideración conxunta dos seus problemas de

viabilidade si podería chegar a xerar un potencial risco sistémico que xustifica ter previstos instrumentos adicionais e a utilización de recursos públicos, en caso de que se dean as circunstancias que fagan necesaria a súa utilización. Renunciar á ordenación pública deste proceso, se se deren as circunstancias, podería entrañar un quebranto difícil de asumir para o sector a través dos tres fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, a pesar de seren os mellor dotados da Unión Europea. Esta resolución desordenada podería producir contaxio, perda de confianza e unha restrición adicional do crédito, afectando a capacidade do sistema financeiro de cumprir as súas funcións económicas e producindo, en definitiva, o que se coñece como risco sistémico.

Faise por tanto necesario implantar unha estratexia que favoreza a solución dos problemas mediante unha reestruturación ordenada do sistema bancario español, co obxectivo de manter a confianza no sistema financeiro nacional e de incrementar a súa fortaleza e solvencia de maneira que as entidades que subsistan sexan sólidas e poidan prover crédito con normalidade. O cumprimento destes obxectivos exixirá en moitos casos adecuar a capacidade instalada e as estruturas de custos das entidades a un ambiente en que a demanda de servizos financeiros será máis moderada. Neste contexto, cabe incluír tamén o apoio a procesos de integración entre entidades que, sen se encontraren nunha situación de dificultade, pretendan asegurar a súa viabilidade futura mellorando, mediante tales procesos, a súa eficiencia a medio prazo.

A estratexia débese adaptar ás circunstancias españolas e aos principios establecidos na proposición non de lei aprobada o 17 de marzo de 2009 polo Congreso dos Deputados. Segundo estes principios, a reestruturación débese levar a cabo conservando no posible os mecanismos tradicionais de tratamento de crises, especialmente, os fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, que tan bos resultados teñen dado no pasado. Así mesmo, débese realizar esgotando en primeiro lugar as solucións privadas, minimizando o custo para o contribuínte cando sexa necesario utilizar fondos públicos, evitando recapitalizacións xeneralizadas tendentes a manter entidades non viables, e favorecendo a asunción de responsabilidade por parte dos accionistas e xestores, a transparencia do proceso e a protección dos depositantes. Estes principios son plenamente coherentes cos Principios comúns de xestión de crises acordados en xuño de 2008 polos ministros de Finanzas, bancos centrais e autoridades de supervisión da Unión Europea. Do mesmo modo, o proceso establecido é proporcionado e temporal, cumprindo os principios recollidos na Comunicación da Comisión Europea do 5 de decembro de 2008, especialmente desde o punto de vista de evitar distorsións na competencia.

En consecuencia, este real decreto lei establece unha serie de medidas para poder levar a cabo a estratexia necesaria en materia de reestruturación bancaria mediante o establecemento dun proceso predeterminado que se dirixe a incrementar a fortaleza e solvencia do sistema bancario español.

O modelo de reestruturación bancaria proposto articúlase arredor dos tres fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito e da utilización dunha nova institución creada para o efecto, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Con relación aos procesos de reestruturación cabe distinguir tres fases: (I) a busca dunha solución privada por parte da propia entidade de crédito, (II) a adopción de medidas para afrontar debilidades que poidan afectar a viabilidade das entidades de crédito con participación dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito e (III) os procesos de reestruturación con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

O título I deste real decreto lei aborda, no seu capítulo I, a creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e, no seu capítulo II, a operativa dos procesos de reestruturación de entidades de crédito.

O capítulo I establece o réxime xurídico do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, que asume dúas funcións: a xestión dos procesos de reestruturación de entidades de crédito e o reforzamento dos recursos propios en determinados procesos de integración.

O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria terá o mesmo réxime xurídico aplicable aos fondos de garantía de depósitos. Canto ao sistema de financiamento terá

unha dotación de 9.000 millóns de euros, dos cales 2.250 serán achegados polos fondos de garantía de depósito e 6.750 serán con cargo aos orzamentos xerais do Estado. As novas medidas de política monetaria anunciadas polo Banco Central Europeo (BCE), o 7 de maio de 2009, consistentes na provisión de liquidez a un ano e a compra de títulos hipotecarios no mercado, deben coadunar a superar as circunstancias extraordinarias de restrición no acceso ao financiamento das entidades de crédito que xustificaron a posta en marcha, mediante o Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, do Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros. As operacións realizadas até a data por este fondo permitiron o acceso a financiamento a medio prazo por parte das entidades de crédito que operan en España. No entanto, as novas medidas anunciadas polo BCE deberían aliviar estas restricións. Por tanto, para minimizar o impacto do novo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria sobre os orzamentos xerais do Estado, prevese que o novo fondo se dote co crédito que nutre o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros. Ademais, o novo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá captar financiamento alleo nos mercados de valores e de crédito con garantía do Estado, por un importe que non supere en tres veces a súa dotación. Non obstante, a ministra de Economía e Facenda poderá autorizar que se exceda ese límite con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2010, sen que, en ningún caso, o financiamento alleo do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poida supor máis de 10 veces a súa dotación.

Polo que se refire ao seu goberno, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria é rexido e administrado por unha comisión reitora composta por oito membros, cinco propostos polo Banco de España (un deles é o subgobernador, que a preside), e tres corresponden a cada un dos fondos de garantía de depósitos. Todos eles son nomeados pola ministra de Economía e Facenda, cun mandato de catro anos renovable e cunhas causas de cesamento iguais que as dos membros dos fondos de garantía de depósitos.

Adicionalmente prevíuse a asistencia ás sesións da comisión reitora, con voz pero sen voto, dun representante da Intervención Xeral da Administración do Estado designado pola ministra de Economía e Facenda por proposta do interventor xeral. A súa presenza xustifícase polo financiamento público do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

A comisión reitora elevará á ministra de Economía e Facenda un informe cuatrimestral sobre a xestión do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Polo que se refire ao control parlamentario, con periodicidade trimestral o secretario de Estado de Economía comparecerá ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados, co fin de informar sobre a evolución agregada do crédito, a situación do sector bancario e a evolución das actividades do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Ademais, o presidente da comisión reitora do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria comparecerá, nas condicións que determine a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados e no prazo dos 30 días seguintes á realización de cada operación por parte dese fondo, para informar sobre ela.

O capítulo II aborda os procesos de reestruturación de entidades de crédito.

A primeira fase do proceso de reestruturación supón a busca, por parte dunha entidade de crédito, dunha solución privada que lle reporte un reforzamento da súa solvencia, polo que é unha fase non regrada ou non predeterminada normativamente. En ausencia desta solución, porfíase en marcha o proceso de reestruturación predeterminado e ordenado, que abrangue as dúas últimas fases, que son as que se determinan no capítulo II.

A segunda fase supón a adopción de medidas para afrontar debilidades que puideren afectar a viabilidade das entidades de crédito coa actuación dos fondos de garantía de depósitos sectoriais. É, por tanto, unha solución igualmente privada pero ordenada e regrada.

O suposto de feito desta segunda fase é que existan debilidades na situación económico-financieira dunha entidade que puideren pór en risco a viabilidade e determinasen a conveniencia de emprender un proceso de reestruturación. Nestes casos, xa por iniciativa da entidade xa de oficio polo Banco de España, debe presentarse un plan de actuación para superar a situación. O plan ten que ser aprobado polo Banco de España, que poderá modificalo no que sexa necesario. O plan pode establecer tres actuacións: reforzar o

patrimonio e a solvencia da entidade, a súa fusión ou absorción ou o traspaso total ou parcial do negocio ou unidades deste.

As medidas que se poden adoptar son as medidas preventivas e de saneamento a cargo do fondo de garantía de depósitos sectorial que prevé o Real decreto 2606/1996, do 20 de decembro, do fondo de garantía de depósitos de entidades de crédito, ben que o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria podería outorgar financiamento, en condicións de mercado, aos fondos de garantía de depósitos para estes poderen abordar as funcións de apoio financeiro aos plans de actuación.

Se persistise a situación de debilidade e se se producisen unha serie de supostos taxados, entraríase na terceira fase, isto é, na fase de intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Neste caso prodúcese a substitución de administradores da entidade por parte do Banco de España, que designará administrador o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, que debe elaborar un informe de situación e someter á aprobación do Banco de España un plan de reestruturación. Desde a designación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria como administrador e, en canto se elabora o plan de reestruturación, este fondo podería, temporalmente, subministrar os apoios financeiros que se precisen de acordo co principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos.

O plan de reestruturación ten por obxecto ben a fusión da entidade ben o traspaso total ou parcial do negocio mediante a cesión global ou parcial de activos e pasivos mediante procedementos que aseguren a competencia, como, entre outros, o sistema de poxa.

O plan pode establecer medidas de apoio financeiro (concesión de garantías, préstamos, subscripción ou adquisición de valores representativos de recursos propios, etc.) e medidas de xestión (organización e procedemento e control interno da entidade). Tamén consideraría dous elementos fundamentais:

En primeiro lugar, no caso das caixas de aforro, se o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria adquirise cotas participativas, adquiriría un dereito de representación na asemblea xeral da caixa igual á porcentaxe que as cotas representen sobre o patrimonio neto da caixa. É dicir, dotaríase de dereitos políticos as cotas participativas subscritas polo Fondo. Este dereito de representación conceptúase como un dereito excepcional que só se pode manter mentres o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria manteña a titularidade destes valores e en ningún caso é transmisible a posteriores adquirentes das cotas. Trátase, en definitiva, de posibilitar neste caso o uso dunha ferramenta tradicional de reestruturación como é a adquisición de accións en entidades bancarias.

En segundo lugar, a aprobación polo Banco de España dun plan de reestruturación determinará que as concretas operacións de fusión de entidades de crédito, quer por absorción quer mediante a creación dunha nova entidade de crédito, ou de escisión ou cesión global ou parcial de activos e pasivos que se conteñan nel, ben como as eventuais adquisicións de participacións significativas que resulten da súa execución e as modificacións estatutarias que, se for o caso, se produzan como consecuencia desas operacións non requiran ningunha autorización administrativa ulterior no ámbito da ordenación do crédito e da banca, salvo aquelas exixidas pola lexislación en materia de defensa da competencia. Ora ben, con carácter previo a aprobar o plan correspondente, o Banco de España debe solicitar, preceptivamente, informe do órgano competente da comunidade autónoma correspondente (no caso de caixas de aforros) ou da ministra de Economía e Facenda (no caso de bancos) ou do que corresponda deles en función do ámbito de actuación se se tratar dunha cooperativa de crédito.

Non se debe esquecer que se tenta facer fronte a unha situación absolutamente excepcional. De aí que a especialización técnica do Banco de España determine que a ordenación do crédito non só corresponda ao lexislador e ao Goberno senón tamén ao propio Banco de España na súa consideración de garante do bo funcionamento e estabilidade do sistema financeiro.

De feito, o Tribunal Constitucional (STC 235/1999, do 16 de decembro), a propósito das funcións dos fondos de garantía de depósitos, veu a recoñecer que da lexislación vixente deriva o carácter básico das funcións exercidas polo Banco de España en canto

teñen por obxecto a preservación da solvencia das entidades de crédito. Isto é así porque a salvagarda desa solvencia transcende os casos concretos e protexe un interese supraautonómico, cal é a estabilidade do sistema financeiro no seu conxunto, que se ve negativamente afectado polas situacións de insolvencia en que puideren incurrir os suxeitos integrantes del, polo cal se establecen mecanismos de aseguramento de intereses de terceiros e de saneamento e reflotación das entidades en dificultades, que tentan restaurar a confianza no sistema e que implican o conxunto das entidades de crédito.

Igualmente, o Tribunal Constitucional determinou que a suspensión e a intervención dunha entidade nunha situación difícil afecta o sistema financeiro no seu conxunto e invade intereses supraautonómicos, o que determina a reserva ao Estado do ciclo xurídico completo: lexislación, desenvolvemento normativo e execución, atribuíndose esta última a favor do Banco de España.

Aos investimentos que realice o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria en execución dun plan de reestruturación sonlles aplicables a exención de determinadas limitacións ou obrigas legais tales como as limitacións estatutarias do dereito de asistencia ás xuntas xerais ou do dereito a voto respecto das accións que ese fondo adquira ou subscriba ou as limitacións á tenza de cotas participativas previstas no número 7 do artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.

O título II deste real decreto lei ocúpase do denominado reforzamento dos recursos propios polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Ademais da función relativa aos procesos de reestruturación de entidades de crédito, este real decreto lei prevé tamén a posibilidade de que o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria apoie procesos de integración entre entidades de crédito dirixidos a mellorar a súa eficiencia a medio prazo. A capitalización transitoria de entidades de crédito que, sen se encontraren nunha situación que exixa levar a cabo un proceso de reestruturación como os descritos anteriormente, inicien un proceso de integración faise necesaria nun contexto como o actual, caracterizado pola considerable dificultade de obter recursos propios nos mercados por xunto, o que pode obstaculizar a abordaxe de operacións que poderían supor un avance na racionalización da estrutura produtiva bancaria e no grao de eficiencia desta, o que contribuiría, en definitiva, a incrementar a fortaleza e solvencia do sistema no seu conxunto. Tales procesos poden incluír, entre outros, os denominados «sistemas institucionais de protección» cuxos obxectivos resulten asimilables aos xerados nun proceso de fusión no relativo á forma de operar, a determinación e execución das políticas e estratexias das entidades participantes e o establecemento e exercicio dos seus controis internos e de xestión de riscos.

Con este fin, prevese que o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poida adquirir os títulos concretos a que se refire este real decreto lei, emitidos polas entidades de crédito residentes en España inmersas no proceso de integración. As entidades en cuestión elaborarían, entón, un plan de integración que prevexa procesos de integración que comporten, entre outros elementos, unha mellora da súa eficiencia, a racionalización da súa administración e xerencia, ben como un redimensionamento da súa capacidade produtiva, todo isto co obxecto de mellorar as súas perspectivas futuras. Este plan deberá ser aprobado polo Banco de España, baixo o principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos.

Os títulos que poderían ser adquiridos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria son participacións preferentes convertibles en accións, en cotas participativas ou en achegas ao capital social. A emisión de tales títulos considérase excepcional e deberase levar a efecto nunhas condicións tales que teñan en conta, en todo caso, o prazo e risco da operación, a necesidade de evitar o risco dunha distorsión competitiva, ben como o aseguramento de que tal adquisición facilita e incentiva a execución e o cumprimento do plan de integración. Os termos e condicións da retribución destas participacións preferentes terán en conta, en todo caso, os principios que estableza a Comisión Europea. Ademais, os emisores débense comprometer a recompralos tan logo como poidan nos termos comprometidos no plan de integración. Transcorridos cinco anos desde o desembolso sen

que as participacións preferentes fosen recompradas pola entidade, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria podería solicitar a súa conversión en accións, en cotas participativas ou en achegas sociais do emisor. Non obstante o anterior, o acordo de emisión deberá prever, así mesmo, a convertibilidade das participacións preferentes por instancia do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria se, antes do transcurso do prazo de cinco anos, o Banco de España considerar improbable a recompra nese prazo. A conversión suporía que, no caso das cotas participativas, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria adquiriría ese dereito excepcional de representación na asemblea xeral da caixa de aforros.

O desinvestimento polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria dos títulos subscritos realizarase mediante a súa recompra pola entidade emisora ou o seu alleamento a terceiros. Cando o desinvestimento dos títulos ou dos resultantes da súa conversión se realice mediante o seu alleamento a terceiros, este deberase realizar a través de procedementos que aseguren a competencia e dentro dun prazo non superior aos cinco anos contados desde a data de cumprimento do plan de integración, prazo que non será de aplicación no caso de que á entidade lle sexa de aplicación o número 8 deste artigo.

Ademais, prevense intensos mecanismos de seguimento e control da execución dos plans de integración.

Débesse subliñar que, respecto do control do uso e destino dos recursos públicos, se prevé que o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria deba elevar á ministra de Economía e Facenda unha memoria económica en que se detalle o impacto financeiro, ben do plan de reestruturación ben da eventual adquisición de títulos nun proceso de integración, sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. A ministra de Economía e Facenda poderase opor de forma motivada.

O real decreto lei contén tres disposicións adicionais que establecen, por un lado, o réxime xurídico das garantías constituídas a favor do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ou dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito e o réxime dos avais en garantía das obrigas económicas exixibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria. Por outro lado, contén unha previsión en materia de dereito concursal.

Por último, inclúense varias disposicións derradeiras, entre as cales cabe destacar a que modifica, por un lado, a Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, e isto por razóns de clarificación e seguranza xurídica e, por outro, a relativa á modificación da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, que contén dous aspectos. En primeiro lugar, á posibilidade, xa vixente, de que o fondo de garantía de depósitos ou outras entidades do sector de caixas de aforro, previamente autorizadas polo Banco de España, poidan superar o límite do 5 por 100 de cotas participativas emitidas por unha Caixa de Aforros en situacións de excepcional gravidade, engádese a figura do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, polo que este último tamén podería superar o citado límite de tenza. Ademais, engádese que en todos estes supostos tampouco será de aplicación o límite relativo a que o volume de cotas participativas en circulación non poida superar o 50 por cento do patrimonio da caixa.

En segundo lugar, actualmente está establecido que o órgano competente para acordar cada emisión de cotas participativas sexa a asemblea xeral, que poderá delegar esta competencia no consello de administración da caixa de aforros. A isto engádese que tal competencia se entenderá delegada, en todo caso, nos administradores provisorios designados polo Banco de España ao abeiro do disposto no título III da Lei 26/1988, do 26 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.

En calquera caso, todas estas novas medidas terán un carácter transitorio ligado á evolución da crise financeira.

A adopción destas medidas exige acudir ao procedemento do real decreto lei, cumpríndose os requisitos do artigo 86 da Constitución española canto á súa extraordinaria e urxente necesidade. A urxencia da aprobación deste real decreto lei deriva da necesidade de encarar o antes posible o proceso de reestruturación ordenada do sector bancario en

España, de modo que fiquen dispoñibles os instrumentos necesarios para facer fronte en mellores condicións ás posibles dificultades.

En virtude da urxencia da adopción das medidas, para permitir a súa inmediata efectividade, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta da vicepresidenta Segunda do Goberno e ministra de Economía e Facenda e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xuño de 2009,

DISPOÑO:

TÍTULO I

Procesos de reestruturación de entidades de crédito

CAPÍTULO I

O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria

Artigo 1. *Obxecto e constitución.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto regular o réxime xurídico do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, os procesos de reestruturación de entidades de crédito e o reforzo dos recursos propios destas.

2. Créase o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, que terá por obxecto xestionar os procesos de reestruturación de entidades de crédito e contribuír a reforzar os recursos propios destas, nos termos establecidos no presente real decreto lei.

3. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria gozará de personalidade xurídica propia e plena capacidade pública e privada para o desenvolvemento dos seus fins.

4. O réxime xurídico baixo o cal desenvolverá a súa actividade o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria será o contido neste real decreto lei e nas normas que se diten no seu desenvolvemento, sendo de aplicación supletoria o réxime aplicable aos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito. Non estará sometido ás previsións contidas na Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, nin lle serán de aplicación as normas que regulan o réxime orzamentario, económico-financeiro, contable, de contratación e de control dos organismos públicos dependentes ou vinculados á Administración xeral do Estado, salvo polo que respecta á fiscalización externa do Tribunal de Contas, de acordo co disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, do Tribunal de Contas. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria non estará suxeito ás disposicións da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

5. O persoal do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria estará vinculado a este por unha relación de dereito laboral.

6. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria terá, para efectos fiscais, o mesmo tratamento que os fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito.

7. As operacións desenvolvidas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria regularanse polo presente real decreto lei e pola súa normativa de desenvolvemento. Supletoriamente, serán de aplicación as normas que regulan o tráfico xurídico privado. Estas operacións comunicaranse, se for o caso, á Comisión Europea ou á Comisión Nacional da Competencia, para efectos do establecido na normativa en materia de defensa da competencia e axudas de Estado.

8. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá convir cos fondos de garantía de depósitos ou contratar con terceiros a realización por estes de calquera actividade de carácter material, técnico ou instrumental que resulte necesaria para o adecuado cumprimento das súas funcións

Artigo 2. *Dotación e financiamento.*

1. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ten unha dotación mixta a cargo dos orzamentos xerais do Estado e das achegas dos fondos de garantía de depósitos en establecementos bancarios, caixas de aforro e cooperativas de crédito nos termos que se establecen a seguir.

2. A dotación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria é de 9.000 millóns de euros, dos cales unha terceira parte se deberá desembolsar no momento da formalización da súa constitución, que se entenderá realizada no momento en que se nomeasen os membros da súa comisión reitora, e o resto deberase desembolsar no prazo que determine a comisión reitora do Fondo.

3. O importe da dotación con cargo aos orzamentos xerais do Estado será de 6.750 millóns de euros. A dotación da achega patrimonial ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria financiarase con cargo ao crédito 15.16.931M.879, para o cal se realizarán as modificacións orzamentarias que procedan, de conformidade co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

4. O importe da achega dos fondos de garantía de depósitos será de 2.250 millóns de euros. O referido importe distribuirase entre o Fondo de Garantía de Depósitos en Establecementos Bancarios, o Fondo de Garantía de Depósitos en Caixas de Aforro e o Fondo de Garantía de Depósitos en Cooperativas de Crédito en función da porcentaxe que representen os depósitos existentes nas entidades adscritas a cada un deles ao final do exercicio 2008 respecto do total de depósitos en entidades de crédito nesa data. Esta achega dos fondos de garantía de depósitos poderase incrementar mediante lei.

5. Adicionalmente, para o cumprimento dos seus fins o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá captar financiamento nos mercados de valores emitindo valores de renda fixa, recibir préstamos, solicitar a apertura de créditos e realizar calquera outra operación de endebedamento.

Os recursos alleos obtidos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, calquera que for a modalidade da súa instrumentación, non deberán exceder o montante de tres veces a dotación que exista en cada momento. Non obstante, a ministra de Economía e Facenda, con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2010, poderá autorizar que se exceda ese límite, sen que, en ningún caso, o financiamento alleo do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poida supor máis de 10 veces a súa dotación.

6. O patrimonio non comprometido do Fondo deberá estar materializado en débeda pública ou noutros activos de elevada liquidez e baixo risco. Os rendementos de calquera natureza que xeren os activos do Fondo integraranse na súa dotación. Os gastos que ocasione a súa xestión atenderanse, así mesmo, con cargo á súa dotación. O servizo de caixa do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria levarao a cabo o Banco de España, co cal subscribirá o oportuno convenio.

Artigo 3. *Goberno do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria será rexido e administrado por unha comisión reitora integrada por oito membros nomeados pola ministra de Economía e Facenda, dos cales cinco o serán por proposta do Banco de España, e ademais un en representación do Fondo de Garantía de Depósitos en Establecementos Bancarios, outro en representación do Fondo de Garantía de Depósitos en Caixas de Aforro e outro en representación do Fondo de Garantía de Depósitos en Cooperativas de Crédito.

Asistirá, así mesmo, ás sesións da comisión reitora con voz pero sen voto un representante da Intervención Xeral da Administración do Estado designado pola ministra de Economía e Facenda por proposta do interventor xeral.

Un dos membros nomeados por proposta do Banco de España será o seu subgobernador, que exercerá a presidencia da comisión reitora. En caso de ausencia do presidente, será substituído por outro dos membros designados por proposta do Banco de España elixido por maioría entre os membros da comisión reitora asistentes á sesión. Os membros da comisión reitora designarán, de entre os que o sexan por proposta do Banco de España, o que vaia desempeñar as funcións de secretario da comisión reitora.

Os representantes dos fondos de garantía de depósitos serán designados entre os membros das súas respectivas comisións xestoras que teñan a condición de representantes das entidades de crédito adheridas, por acordo maioritario destes.

Polo mesmo procedemento nomearanse dous representantes suplentes dos propostos polo Banco de España e un por cada fondo de garantía de depósitos, que substituirán os titulares en caso de vacante, ausencia ou enfermidade. No caso dos representantes do fondo de garantía de depósitos, tamén deberán ser substituídos cando a comisión reitora vaia tratar cuestións que afecten directamente unha entidade ou grupo de entidades con que estea vinculado como administrador, directivo ou en virtude dun contrato laboral, civil ou mercantil ou calquera outra relación que poida menoscabar a obxectividade das súas decisións.

A duración do mandato dos membros da comisión reitora será de catro anos, sendo tal mandato renovable por idéntico período de tempo.

Os representantes dos fondos de garantía de depósitos cesarán no seu cargo polas causas seguintes:

- a) Expiración do termo do seu mandato como membro da comisión reitora.
- b) Renuncia aceptada pola ministra de Economía e Facenda.
- c) Separación acordada pola ministra de Economía e Facenda por incumprimento grave das súas obrigas, incapacidade permanente para o exercicio da súa función ou condena por delito doloso.
- d) Expiración do termo do seu mandato como membro da comisión xestora do fondo de garantía de depósitos que o designou.

O acordo de cesamento será adoptado pola ministra de Economía e Facenda por proposta do Banco de España. Cando o cesamento afecte a un membro da comisión reitora que o sexa en representación dun fondo de garantía de depósitos, deberase oír, previamente, a súa comisión xestora, que, para estes efectos, formará a súa vontade por acordo maioritario dos representantes das entidades de crédito adheridas, sen intervención dos representantes do Banco de España.

2. A comisión reitora reunirse cada vez que sexa convocada polo seu presidente, por propia iniciativa ou por instancia de calquera dos seus membros. Estará, así mesmo, facultada para establecer o seu propio réxime de convocatorias.

3. A comisión reitora determinará as normas do seu propio funcionamento e poderá acordar as delegacións ou apoderamentos que considere convenientes para o debido exercicio das súas funcións.

4. A comisión reitora terá, ademais das funcións que se establecen noutros preceptos do presente real decreto lei, as seguintes:

- a) Aprobación da realización das operacións de financiamento previstas no número 5 do artigo 2.
- b) Aprobación das contas que o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria deberá render anualmente á ministra de Economía e Facenda, ben como do informe que, conforme o artigo 4, se debe elevar á ministra de Economía e Facenda para a súa remisión á Comisión de Economía do Congreso dos Deputados.
- c) Adopción das medidas preventivas e de saneamento previstas nos artigos 6 e 7.
- d) Adopción das medidas de reforzamento dos recursos propios previstas no artigo 9.

5. Para a válida constitución da comisión reitora do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria para efectos da celebración de sesións, deliberacións e adopción de acordos, será necesaria a asistencia ao menos da metade dos seus membros con dereito de voto. Os seus acordos adoptaranse por maioría dos seus membros.

6. Os membros da comisión reitora estarán obrigados a gardar segredo de tanta información coñezan en virtude da súa participación nas tarefas do Fondo e poderán facer uso dela para finalidades distintas do cumprimento das funcións encomendadas ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Artigo 4. *Control parlamentario.*

1. Con periodicidade trimestral, o secretario de Estado de Economía comparecerá ante a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados, co fin de informar sobre a evolución agregada do crédito, a situación do sector bancario e a evolución das actividades do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Adicionalmente o presidente da comisión reitora do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria comparecerá, nas condicións que determine a Comisión de Economía e Facenda do Congreso dos Deputados e no prazo dos 30 días seguintes á realización de cada operación por parte dese fondo, para informar sobre ela.

2. A comisión reitora elevará á ministra de Economía e Facenda un informe cuadrimestral sobre a xestión do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Artigo 5. *Extinción do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

A extinción e liquidación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria requirirá da correspondente norma con rango de lei, na cal se determinarán as regras que deban seguirse na repartición do patrimonio remanente entre os seus promotores.

CAPÍTULO II

Procesos de reestruturación de entidades de crédito

Artigo 6. *Adopción de medidas para afrontar debilidades que poidan afectar a viabilidade das entidades de crédito.*

1. Cando unha entidade de crédito ou un grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito presente debilidades na súa situación económico-financeira que, en función do desenvolvemento das condicións dos mercados, poidan pór en perigo a súa viabilidade e determinen a conveniencia de que emprenda un proceso de reestruturación, a entidade ou a entidade obrigada do grupo ou subgrupo consolidable, segundo sexa o caso, informará disto, con carácter inmediato, ao Banco de España.

A entidade en cuestión presentará no prazo dun mes un plan de actuación en que se concreten as accións previstas para superar esa situación, que deberán ir encamiñadas a asegurar a viabilidade da entidade, ben reforzando o seu patrimonio e solvencia, ben facilitando a súa fusión ou absorción por outra de recoñecida solvencia ou o traspaso total ou parcial do seu negocio ou de unidades del a outras entidades de crédito. O plan deberá detallar, así mesmo, o prazo previsto para o inicio da súa execución, que non poderá exceder tres meses, salvo autorización expresa do Banco de España.

O fondo de garantía de depósitos correspondente, nos termos previstos na súa normativa reguladora, apoiará o plan presentado pola entidade en cuestión adoptando as medidas preventivas e de saneamento que considere adecuadas.

O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, guiado polo principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos, poderá outorgar financiamento, en condicións de mercado, aos fondos de garantía de depósitos xa en establecementos bancarios, caixas de aforro ou cooperativas de crédito a fin de que estes poidan abordar as funcións de apoio financeiro aos plans de actuación de entidades de crédito a que se fai referencia neste número.

En todo caso, o Banco de España asegurarse de que a entidade de crédito ou grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito non presenta deficiencias na súa estrutura organizativa, nos seus mecanismos de control interno ou nos seus procedementos administrativos e contables, incluídos os relativos á xestión e control dos riscos, atribuíbles ás persoas que exerzan cargos de administración, aplicando as medidas disciplinarias que, se for o caso, poidan proceder.

2. Cando o Banco de España, á vista da deterioración dos activos dunha entidade de crédito, grupo ou subgrupo consolidable de entidades de crédito, dos seus recursos propios

computables, da súa capacidade para xerar resultados recorrentes ou da confianza externa na súa solvencia, conclúa que aquela presenta debilidades na súa situación económico-financeira que, en función do desenvolvemento das condicións dos mercados, poidan pór en perigo a súa viabilidade e determinen a conveniencia de que emprenda un proceso de reestruturación sen que a entidade en cuestión presentase o plan previsto no número anterior, comunicáraselle á entidade, exixíndolle que no prazo dun mes presente o plan alí exixido.

3. O plan a que se refiren os números 1 e 2 requirirá a aprobación do Banco de España, que poderá incluír as modificacións ou medidas adicionais que considere necesarias para garantir a superación da situación de dificultade enfrontada pola entidade. Transcorrido o prazo dun mes desde a súa presentación sen pronunciamento expreso, o plan de actuación entenderase aprobado.

Artigo 7. *Procesos de reestruturación con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.*

1. Procederá a reestruturación ordenada dunha entidade de crédito con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, se, persistindo a situación descrita nos números 1 e 2 do artigo anterior, se der algún dos seguintes supostos:

a) No prazo a que se refiren os números 1 e 2 do artigo anterior a entidade en cuestión non presentou o plan alí exixido ou manifestou ao Banco de España a imposibilidade de encontrar unha solución viable para a súa situación;

b) O plan presentado non é viable, a xuízo do Banco de España, para superar a situación de dificultade enfrontada pola entidade ou esta non acepta as modificacións ou medidas adicionais incluídas polo Banco de España ou está condicionado á intervención dun fondo de garantía de depósitos nuns termos que o Fondo non teña aceptado;

c) Foi incumplido de forma grave por unha entidade de crédito o prazo de execución ou as medidas concretas establecidas nun plan dos referidos nos números 1 e 2 do artigo anterior aprobado previamente polo Banco de España de modo que se pon en perigo a consecución dos seus obxectivos; ou

d) Foi incumplida de forma grave por unha entidade de crédito algunha das medidas concretas establecidas nun plan dos referidos no artigo 75 do Real decreto 216/2008, do 15 de febreiro, de recursos propios das entidades financeiras, aprobado previamente polo Banco de España de modo que se pon en perigo a consecución dos seus obxectivos.

A reestruturación ordenada dunha entidade de crédito con intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria levarase a cabo de acordo coas regras previstas nos números seguintes.

2. Nos supostos previstos no número precedente, o Banco de España acordará a substitución provisoria dos órganos de administración ou dirección da entidade afectada ben como calquera outra medida cautelar que coide oportuno ao abeiro do establecido na Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito e demais normas que resulten de aplicación. Estas medidas manteranse até se leveren a cabo as medidas en que se concrete o plan de reestruturación a que se refire o número 3 seguinte. Á medida cautelar de substitución provisoria dos órganos de administración ou dirección seralle de aplicación o réxime previsto no título III da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, coas seguintes especialidades:

a) O Banco de España designará como administrador provisorio o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

b) No prazo dun mes desde a súa designación, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elaborará un informe detallado sobre a situación patrimonial e a viabilidade da entidade e someterá á aprobación do Banco de España un plan de reestruturación da entidade que permita a superación da situación de dificultade en que se encontre mediante a súa fusión con outra ou outras entidades de recoñecida solvencia ou o traspaso parcial ou total do seu negocio a outra ou outras entidades a través da cesión global ou parcial dos seus activos e pasivos mediante procedementos que aseguren a competencia, como,

entre outros, o sistema de poxa. Por petición razoada do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, o Banco de España poderá ampliar o citado prazo até un máximo de seis meses. Simultaneamente, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elevará á ministra de Economía e Facenda unha memoria económica en que se detalle o impacto financeiro do plan de reestruturación presentado sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. A ministra de Economía e Facenda poderá, motivadamente, oporse no prazo de 10 días desde que lle sexa elevada a memoria.

Desde o momento da súa designación como administrador provisorio dunha entidade de crédito e en canto se elabora o plan de reestruturación a que se refire a alínea b) anterior, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá, temporalmente, subministrar os apoios financeiros que se precisen de acordo co principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos.

3. O plan de reestruturación detallará as medidas de apoio en que se concretará, se for o caso, a intervención do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria e que poderán ser, entre outras, as seguintes:

a) medidas de apoio financeiro, que poderán consistir, entre outras, en concesión de garantías, préstamos en condicións favorables, financiamentos subordinados, adquisición de calquera tipo de activos que figuren no balance da entidade, subscripción ou adquisición de calquera valor representativo de recursos propios e calquera outro apoio financeiro tendente a facilitar procesos de fusión ou absorción con outras entidades de recoñecida solvencia ou o traspaso total ou parcial do negocio a outra entidade, ben como a adopción polos órganos correspondentes da entidade afectada dos acordos necesarios a tal fin; e

b) medidas de xestión que melloren a organización e os sistemas de procedemento e control interno da entidade.

4. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria estará tamén facultado para ceder total ou parcialmente os depósitos en conta corrente ou a prazo constituídos nunha entidade administrada por el a outra ou outras entidades de crédito, satisfacendo a estas o seu importe e subrogándose legalmente na posición dos seus titulares fronte á entidade cedente, sen que sexa preciso o consentimento destes últimos.

Así mesmo, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, precedendo informe da Comisión Nacional do Mercado de Valores, poderá dispor de forma inmediata o traslado dos valores depositados na entidade administrada por el por conta dos seus clientes a outra entidade habilitada para desenvolver esta actividade, mesmo se tales activos se encontran depositados en terceiras entidades a nome da entidade que presta o servizo de depósito.

A entidade cedente facilitará o acceso da entidade de crédito a que se vaian ceder os depósitos ou a custodia dos valores á documentación e rexistros contables e informáticos necesarios para facer efectiva a cesión.

5. Cando as medidas anteriormente citadas consideren a adquisición de activos por parte do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, este poderá manter a súa xestión ou encomendala a un terceiro. En caso de decidir o seu alleamento, este deberase realizar a través de procedementos que aseguren a competencia.

6. Os investimentos que realice o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria en execución dun plan de reestruturación non estarán suxeitos ás limitacións ou obrigas legais aplicables no caso de axudas a cargo dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, incluídas, en todo caso, as seguintes:

a) as limitacións estatutarias do dereito de asistencia ás xuntas xerais ou do dereito a voto respecto das accións que o Fondo adquira ou subscriba;

b) as limitacións á tenza de cotas participativas previstas no número 7 do artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros;

c) as limitacións á adquisición de achegas ao capital social de cooperativas de crédito por parte de persoas xurídicas;

d) as limitacións que a lei establece á computabilidade dos recursos propios respecto dos valores que o Fondo adquira ou subscriba;

e) a obriga de presentar oferta pública de adquisición consonte a normativa sobre mercados de valores.

7. A adquisición de accións ou cotas participativas polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria requirirá que se acorde a supresión do dereito de subscrición preferente dos accionistas ou cotapartícipes existentes no momento da adopción do acordo de ampliación de capital ou de emisión de cotas.

8. Cando o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria adquira cotas participativas dunha caixa de aforros, gozará dun dereito de representación na asemblea xeral igual á porcentaxe que aquelas supoñan sobre o patrimonio neto da caixa emisora. O citado dereito excepcional de representación manterase exclusivamente mentres o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria manteña a titularidade dos citados valores, non sendo transmisible a posteriores adquirentes deles.

9. Cando o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria subscriba ou adquira achegas ao capital social dunha cooperativa de crédito, o seu dereito de voto na asemblea desta será proporcional ao importe desas achegas respecto ao capital social da cooperativa.

Artigo 8. Competencias relativas a operacións societarias en procesos de reestruturacións de entidades de crédito.

1. A aprobación polo Banco de España do plan previsto no artigo 7 anterior determinará que as concretas operacións de fusión de entidades de crédito, xa por absorción xa mediante a creación dunha nova entidade de crédito, ou de escisión ou cesión global ou parcial de activos e pasivos que se conteñan nel, ben como as eventuais adquisicións de participacións significativas que resulten da súa execución e as modificacións estatutarias que, se for o caso, se produzan como consecuencia de tales operacións non requiran ningunha autorización administrativa ulterior no ámbito da ordenación do crédito e a banca, salvo aquelas exixidas pola lexislación en materia de defensa da competencia.

2. O Banco de España, con carácter previo a aprobar o plan correspondente, solicitará informe á ministra de Economía e Facenda ou aos órganos competentes das comunidades autónomas en que teñan o seu domicilio as caixas de aforros e, se for o caso, as cooperativas de crédito involucradas. Estes informes deberán ser remitidos no prazo de 10 días.

TÍTULO II

Reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito

Artigo 9. Instrumentos financeiros para o reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito

1. O Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá adquirir os títulos a que se refire o número 3 deste artigo emitidos por aquelas entidades de crédito residentes en España que, sen incorreren nas circunstancias establecidas no artigo 6 deste real decreto lei, necesiten reforzar os seus recursos propios co fin exclusivo de levar a cabo entre si procesos de integración e así o soliciten.

Tales procesos deben comportar, entre outros, unha mellora da súa eficiencia, a racionalización da súa administración e xerencia ben como un redimensionamento da súa capacidade produtiva e todo isto coa finalidade de mellorar as súas perspectivas futuras.

Para tal efecto, as entidades en cuestión elaborarán un plan de integración que deberá detallar as medidas e compromisos específicos dirixidos a conseguir o dito obxectivo e que deberá ser aprobado polo Banco de España, baixo o principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos. A citada adquisición deberase levar a efecto tendo en conta, en todo caso, o prazo e risco da operación, a necesidade de evitar o risco dunha distorsión competitiva, ben como que tal adquisición facilita a execución e cumprimento do

plan de integración e estará presidida polo principio da utilización máis eficiente dos recursos públicos.

2. Con carácter previo á efectiva adquisición destes títulos, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria elevará á ministra de Economía e Facenda unha memoria económica en que se detalle o impacto financeiro desa adquisición sobre os fondos achegados con cargo aos orzamentos xerais do Estado. A ministra de Economía e Facenda poderá oporse, motivadamente, no prazo de 10 días desde que lle sexa elevada a memoria.

3. Os títulos a que se refire o número 1 anterior serán participacións preferentes convertibles en accións, en cotas participativas ou en achegas ao capital social, que se rexerán polas disposicións contidas na disposición adicional segunda da Lei 13/1985, do 25 de maio, sobre coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, coas seguintes especialidades.

a) A emisión terá carácter excepcional e só se poderá acordar ao abeiro e para efectos do disposto neste real decreto lei. As entidades emisoras deberán aprobar, no momento da adopción do acordo de emisión das participacións preferentes previstas neste artigo, os acordos necesarios para a ampliación do capital, a emisión de cotas participativas ou a subscripción de achegas ao capital na contía necesaria. Os termos e condicións da retribución das participacións preferentes terán en conta, en todo caso, os principios que establece a Comisión Europea.

b) A adquisición de participacións preferentes convertibles por parte do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria requirirá que se acorde a supresión do dereito de subscripción preferente dos accionistas ou cotapartícipes existentes no momento da adopción do acordo de emisión.

c) As entidades emisoras deberanse comprometer a recomprar os títulos subscritos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria tan logo como estean en condicións de facelo nos termos comprometidos no plan de integración. Transcorridos cinco anos desde o desembolso sen que as participacións preferentes fosen recompradas pola entidade, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria poderá solicitar a súa conversión en accións, en cotas participativas ou en achegas sociais do emisor. O exercicio desta facultade deberase realizar, se for o caso, no prazo máximo de seis meses contados a partir da finalización do quinto ano desde que se produciu o desembolso das participacións preferentes. Non obstante o anterior, o acordo de emisión deberá prever, así mesmo, a convertibilidade das participacións preferentes por instancia do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria se, antes do transcurso do prazo de cinco anos, o Banco de España considera improbable, á vista da situación da entidade ou o seu grupo, que a recompra das participacións preferentes se poida levar a cabo nese prazo.

d) As participacións preferentes emitidas ao abeiro do disposto neste precepto serán computables como recursos propios básicos. Para estes efectos, non lles serán de aplicación as limitacións que a lei establece para a computabilidade dos recursos propios.

e) O acordo de emisión destes títulos deberase axustar, así mesmo, ás restantes condicións comprometidas no plan de integración.

4. O desinvestimento polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria dos títulos subscritos en exercicio das funcións que se lle encomendan neste artigo realizarase mediante a súa recompra pola entidade emisora ou o seu alleamento a terceiros. Cando o desinvestimento dos títulos ou dos resultantes da súa conversión se realice mediante o seu alleamento a terceiros, este deberase levar a cabo a través de procedementos que aseguren a competencia e dentro dun prazo non superior aos cinco anos contados desde a data de cumprimento do plan de integración, prazo que non será de aplicación no caso de que á entidade lle sexa de aplicación o número 8 deste artigo.

5. En caso de conversión das participacións preferentes en accións, en cotas participativas ou en achegas ao capital, seralles de aplicación o disposto nos números 6, 8 e 9 do artigo 7 deste real decreto lei.

6. Con periodicidade trimestral, a entidade designada polas entidades involucradas no proceso de integración ou, se for o caso, a entidade resultante deste remitirá ao Banco de España un informe sobre o grao de cumprimento das medidas establecidas no plan de integración aprobado. O Banco de España, á vista do contido dese informe, poderá requirir a adopción das accións que sexan necesarias para asegurar que o plan de integración se leve efectivamente a termo.

7. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade resultante do proceso de integración ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, se advertir que o plan de integración non se pode cumprir nos termos en que foi aprobado, a entidade poderá solicitar ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria unha modificación deses termos, que poderá incluír, entre outros aspectos, unha extensión do prazo de recompra dos títulos subscritos polo Fondo a que se refire o número 3.c) anterior, até dous anos máis. A modificación do plan de integración acordada co Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria deberá ser aprobada polo Banco de España.

8. Se, como consecuencia da evolución da situación económico-financeira da entidade resultante do proceso de integración ou do desenvolvemento das condicións dos mercados, o plan de integración non se puider levar a cabo e a entidade se encontrar na situación prevista no artigo 6 deste real decreto lei, aplicarase a esa entidade o disposto no artigo 7, debéndose prever nos plans que, conforme ese artigo, se aproben o que proceda respecto dos títulos subscritos polo Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Disposición adicional primeira. Réxime xurídico das garantías constituídas a favor do Fondo de Reestruturación Bancaria ou dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito.

O réxime xurídico establecido na disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, será aplicable tamén ás garantías constituídas a favor dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito ou do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria no exercicio das súas funcións.

Disposición adicional segunda. Réxime xurídico do outorgamento de avais en garantía das obrigas económicas exhibibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral do Estado, con suxeición aos límites que se establecen nas alíneas a) e b) seguintes, para outorgar avais en garantía das obrigas económicas exhibibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, ben como da realización de calquera outra operación de endebedamento que realice o Fondo:

a) Até o 31 de decembro de 2009, a Administración xeral do Estado poderá outorgar avais por un importe máximo de 27.000 millóns de euros, con cargo ao límite establecido no artigo 54. Un da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

b) Para os exercicios posteriores, os importes máximos para o outorgamento de avais serán os que determinen as correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado.

O outorgamento dos avais, que non xerarán comisión ningunha, deberá ser acordado pola ministra de Economía e Facenda, de acordo co establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, e só se poderá efectuar unha vez constituído o Fondo e até a data da súa extinción.

De se producir a execución do aval, sempre que esta se inste dentro dos cinco días naturais seguintes á data de vencemento da obriga garantida, o Estado satisfará unha compensación aos titulares lexítimos dos valores garantidos, sen prexuízo das cantidades que deba aboar en virtude do aval. O importe desta compensación será o resultante de aplicar ao pagamento en que consista a execución do aval o tipo de xuro Euro OverNight

Average publicado polo Banco de España ou o que, se for o caso, determine a ministra de Economía e Facenda, do día do vencemento da obriga garantida polo número de días que transcorran entre esta data e a de pagamento efectivo polo avalista, sobre a base dun ano de 360 días.

Autorízase a ministra de Economía e Facenda para establecer as condicións e procedemento para facer efectiva esta compensación.

Autorízase a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para realizar os pagamentos correspondentes tanto á execución do aval como a esta compensación mediante operacións de tesouraría con cargo aos conceptos específicos que se creen para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio. Os pagamentos efectuados no mes de decembro de cada ano aplicaranse ao orzamento de gastos no trimestre inmediatamente seguinte.

Disposición adicional terceira. *Situacións concursais*

1. O deber de solicitar a declaración de concurso non será exigible á entidade de crédito que, dentro dos supostos previstos, presentase algún dos plans a que se refiren os artigos 6 e 7 deste real decreto lei. Nestes casos o xulgado competente non proverá as solicitudes de concurso referidas a unha entidade de crédito que se poidan presentar.

2. No suposto de que o Banco de España acordase a substitución provisoria dos órganos de administración ou dirección da entidade de crédito, a lexitimación para solicitar o concurso corresponderá exclusivamente ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria.

Disposición derogatoria única. *Derrogacións normativas.*

Á entrada en vigor deste real decreto lei quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto nel.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do artigo 2.1 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.*

Modifícase o artigo 2.1 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. O Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros dotarase con cargo aos orzamentos xerais do Estado, por un importe de 30.000 millóns de euros, ampliable até un máximo de 43.250 millóns de euros».

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.*

Un. O primeiro parágrafo do artigo 54.Dous da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, queda redactado nos seguintes termos:

«Dentro do total sinalado no número anterior, resérvanse os seguintes importes:

a) 10.000 millóns de euros para garantir, de acordo co establecido no artigo 1.8 do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, as obrigas económicas exixibles ao Fondo de Titulización do Déficit do Sistema Eléctrico, derivadas das emisións de instrumentos financeiros que realice ese fondo con cargo aos dereitos de cobramento que constitúan o seu activo.

b) 9.000 millóns de euros para garantir, de acordo co establecido no Real decreto lei 4/2009, do 29 de marzo, as obrigas derivadas dos financiamentos que poida outorgar o Banco de España á Caja de Ahorros de Castilla-La Mancha.

c) 27.000 millóns de euros, para garantir as obrigas económicas exixibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, derivadas das operacións previstas no artigo 2.5 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

d) 64.000 millóns de euros, para garantir as obrigas derivadas das operacións de financiamento a que se refire o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira en relación co Plan de acción concertada dos países da zona euro.»

Dous. O anexo II, «créditos ampliables», Segundo. Catro. c) da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, queda redactado nos seguintes termos:

«c) O crédito 15.931M.16.879, destinado á achega ao Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros. O crédito final non poderá superar a cantidade de 43.250.000 miles de euros, importe máximo previsto no artigo 2 do Real decreto lei 6/2008, do 10 de outubro, polo que se crea o Fondo para a Adquisición de Activos Financeiros.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación dos números 7 e 8 do artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros.*

Modifícanse os números 7 e 8 do artigo 7 da Lei 13/1985, do 25 de maio, de coeficientes de investimento, recursos propios e obrigas de información dos intermediarios financeiros, que quedan redactados do seguinte modo:

«7. As cotas participativas cotizarán en mercados secundarios organizados. Non obstante, ningunha persoa, natural ou xurídica, ou grupo económico, poderá ter, directa ou indirectamente, cotas participativas por un importe superior ao 5 por 100 das cotas totais vixentes. Caso de se superar ese importe, procederase á suspensión de todos os dereitos económicos das cotas adquiridas pola persoa ou grupo económico.

O anterior entenderase sen prexuízo da posibilidade de o fondo de garantía de depósitos, o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ou outras entidades do sector de caixas de aforro, previamente autorizadas polo Banco de España, poderen superar o límite do 5 por 100 de cotas participativas emitidas por unha caixa de aforros en situacións de excepcional gravidade que poñan en perigo a efectividade dos seus recursos propios, ben como a estabilidade, liquidez e solvencia da entidade emisora. En tales supostos, tampouco será de aplicación o límite establecido no número 6 deste artigo.

8. O órgano competente para acordar cada emisión de cotas participativas será a asemblea xeral, que poderá delegar esta competencia no consello de administración da caixa. A citada competencia entenderase delegada, en todo caso, nos administradores provisorios designados polo Banco de España ao abeiro do disposto no título III da Lei 26/1988, de disciplina e intervención das entidades de crédito.

Estará prohibida a adquisición orixinaria de cotas participativas por parte da caixa ou o seu grupo económico. Non obstante, si se poderá realizar unha adquisición derivativa, sempre que o valor nominal das cotas que se achen en poder da entidade ou o seu grupo consolidable non exceda o 5 por 100 das cotas totais en circulación.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do artigo 4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito.*

No artigo 4 da Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, acrécentase unha nova alínea p) coa seguinte redacción:

«p) A falta de remisión ao Banco de España por parte dos administradores dunha entidade de crédito do plan de retorno ao cumprimento das normas de solvencia ou do plan a que se refire o artigo 6.1 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño de 2009, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, cando isto resulte procedente. Entenderase que existe falta de remisión cando tiver transcorrido o prazo establecido para efectuala, contando desde o momento en que os administradores coñeceron ou deberon coñecer que a entidade se encontraba nalgunha das situacións que determinan a existencia de tal obriga.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal.*

Modifícase o número 2 da disposición adicional segunda da Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, acrecentando unha nova alínea k) coa seguinte redacción:

«k) Disposición adicional terceira do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.»

Disposición derradeira sexta. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.6.^a, 11.^a e 13.^a da Constitución que atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil, bases da ordenación do crédito, banca e seguros e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira sétima. *Habilitación normativa.*

Autorízase a ministra de Economía e Facenda para ditar as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto neste real decreto lei.

Disposición derradeira oitava. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado na Embaixada de España en Singapur o 26 de xuño de 2009.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO